



Guía Docente						
Datos Identificativos				2020/21		
Asignatura (*)	Inglés de Negocios		Código	710G03028		
Titulación	Grao en Xestión Industrial da Moda					
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6		
Idioma	Inglés					
Modalidade docente	Presencial					
Prerrequisitos						
Departamento						
Coordinación	Puente Castelo, Luís Miguel	Correo electrónico	luis.pcastelo@udc.es			
Profesorado	Murias Román, Ruth Puente Castelo, Luís Miguel	Correo electrónico	ruth.murias@udc.es luis.pcastelo@udc.es			
Web	humanidades.udc.es/estudios/gim/gim-informaci%C3%B3n					
Descripción xeral	Introducción ao inglés con fins profesionais, con especial atención ao ámbito da moda.					



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Mantéñense todas as metodoloxías docentes, trasladándose a entornos de aprendizaxe online, a excepción da proba práctica.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>A proba práctica desaparece, sendo substituída no seu peso na avaliación polos estudos de casos e o traballo tutelado.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Atención continuada a través de e-mail e Moodle.</p> <p>Empregarase Teams para a impartición das sesións de aulas síncronas, no horario establecido no calendario da titulación, así como para as titorías individualizadas co alumnado.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>As porcentaxes concretas dos diferentes tipos de avaliación dependerán do momento no que fose necesario activar este plan de continxencia.</p> <p>En todo caso, conservaranse aquellas actividades de avaliación xa efectuadas, así coma o 10% de observación sistemática.</p> <p>O peso das actividades de avaliación que non se puidesen realizar, e, nomeadamente, da proba práctica, sumaranse en primeiro lugar ao traballo tutelado, até un máximo dun 40%, e posteriormente aos estudos de casos.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Nun escenario de activación do Plan de Continxencia, para a obtención da calificación de Non Presentado, o estudiantado deberá non ter presentado o traballo tutelado "Project".</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizarán cambios.</p>
----------------------	--

Código	Competencias / Resultados do título
	Competencias / Resultados do título
A3	Desenvolver destrezas para as relacións interpersoais e a interactuación con axentes do contorno e interno (clientes, provedores, medios, colaboradores...).
A12	Ter os coñecementos básicos de inglés necesarios para as relacións internacionais de negocio (acreditando nivel mínimo B1).
B1	Que o estudiantado demostrase posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e se adoita atopar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo.



B2	Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudio.
B3	Que o estudiantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudio) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	Que o estudiantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
B5	Que o estudiantado desenvolvera aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B6	Capacidade para a cooperación, o traballo en equipo e a aprendizaxe colaborativa en contornos interdisciplinares.
B8	Capacidade de planificación, organización e xestión de recursos e operacións.
B9	Capacidade de análise, diagnóstico e toma de decisións.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer vocabulario específico das áreas de interese profesional da titulación.	A12	B1 B2 B4 B5	C2
Coñecer e dominar o uso de estruturas gramaticais específicas, acordes ao nivel de coñecemento da lingua adquirido, especialmente aquelas particularmente relevantes para o exercicio profesional da titulación.	A12	B1 B5	C2
Ser quen de interpretar textos orais ou escritos en inglés, sobre temáticas relacionadas coa súa actividade profesional, identificando tanto as ideas principais e a liña de argumentación como información específica relevante.	A12	B1 B3 B5 B9	C2
Ser capaz de comunicarse, tanto de forma oral coma escrita, de maneira efectiva en entornos comerciais	A3 A12	B2 B4	C2
Tomar parte activa en debates desenvolvidos en situacións profesionais, explicando e defendendo o seu punto de vista usando una linguaxe apropiada	A3 A12	B1 B2 B3 B4 B5 B9	C2
Ser quen de preparar de forma escrita e expoñer de forma oral un traballo en grupo en lingua inglesa, sobre un tema relacionado coa súa titulación, organizando o traballo de forma axeitada, e utilizando recursos bibliográficos, bases de datos ou ferramentas TIC relacionadas coa súa titulación.	A3 A12	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9	C2

Contidos

Temas	Subtemas
1. A apariencia, o vestido e a moda.	A descripción oral e escrita Vocabulario avanzado do mundo da moda Os adxectivos, a súa orde, e a súa posición



2. A carreira, a carreira profesional e os recursos humanos.	2.1 - A búsqueda de traballo A formación O CV e a cover letter As habilidades Modalidade epistémica 2.2 - A entrevista de traballo As entrevistas As expectativas, a probabilidade e o futuro Modalidade deontica e expresión de tempo futuro.
3. Colegas e clientes: O mundo do traballo	As relacóns laborais As presentacións en público Os niveis de formalidade e a cortesía Os rexistros e a súa expresión
4. Negocios, diñeiro e comercio	Comprar e vender Descripción e venta dunha idea ou produto A linguaxe persuasiva As condicionais
5. Política e economía	A política económica As regulacións e os seus efectos Dar a opinión Dar e seguir instrucións Os hedges
6. Os medios de comunicación	As entrevistas As preguntas e as respostas

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A12 B1 B5 C2	20	0	20
Seminario	A12 B1 B2 B3 B4 B5 C2	16	24	40
Obradoiro	A12 B1 B2 B3 B4 B5 C2	8	12	20
Presentación oral	A3 A12 B1 B2 B4 B5 C2	5	0	5
Discusión dirixida	A3 A12 B1 B2 B4 B5 B9 C2	5	0	5
Estudo de casos	A3 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2	4	16	20
Proba práctica	A12 B1 B3 B4 C2	2	0	2
Traballos tutelados	A3 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2	3	27	30
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Durante as sesións maxistrais presentaranse diferentes aspectos da lingua inglesa, tales como o vocabulario específico de interese para o exercicio profesional da titulación ou certas estruturas gramaticais.
Seminario	Os seminarios centraranse na práctica da interpretación e a producción de textos ESCRITOS en lingua inglesa, vencellados aos ámbitos de interese da titulación. (READING E WRITING)
Obradoiro	Os obradoiros porán o foco na práctica da interpretación e a producción de textos ORAIS en lingua inglesa, vencellados aos ámbitos de interese da titulación. (LISTENING E SPEAKING)
Presentación oral	O estudiantado recibirá formación específica na preparación dunha presentación oral breve.
Discusión dirixida	Realizaranse unha serie de debates sobre aspectos de interese para o exercicio profesional da titulación, cos que o estudiantado poderá seguir a desenvolver aspectos específicos da súa capacidade de comunicación e persuasión.
Estudo de casos	O estudiantado realizará unha serie de pequenos traballos, como resumos, reflexións, ou comparacións, baseados en bibliografía específica sobre aspectos relacionados coas áreas de interese da titulación.
Proba práctica	O estudiantado realizará unha proba práctica final para avaliar os contidos da materia impartida nos seminarios e obradoiros.
Traballos tutelados	Realizarase un PROJECT en grupos, que será presentado de forma escrita e defendido de forma oral ante a clase.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Realizaranse unha serie de tutorías persoais co estudiantado para comprobar tanto o seguemento xeral do curso, como, especificamente, o do traballo tutelado/Project final. Todo o estudiantado recibirá unha atención personalizada. O estudiantado con necesidades educativas especiais será tamén asesorado pola Unidade de Atención á Diversidade da UdC.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba práctica	A12 B1 B3 B4 C2	PROBA FINAL de Reading, Writing e Listening	15
Seminario	A12 B1 B2 B3 B4 B5 C2	Exercicios de Reading e Writing realizados na aula	10
Obradoiro	A12 B1 B2 B3 B4 B5 C2	Exercicios de Listening e Speaking realizados na aula	10
Traballos tutelados	A3 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2	Project final en grupo	30
Sesión maxistral	A12 B1 B5 C2	Os contidos e materia tratada durante as sesións maxistrais será avaliada de forma transversal no resto de metodoloxías, e de forma directa mediante a OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA do estudiantado.	10
Estudo de casos	A3 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2	Serie de pequenos traballos individuais, como resumos, reflexións, ou comparacións, baseados en bibliografía específica.	20
Presentación oral	A3 A12 B1 B2 B4 B5 C2	Breve presentación oral sobre un aspecto específico.	5

Observacións avaliación



En xeral, valorarase a corrección no uso da lingua inglesa en todas as actividades de avaliación e non unicamente nas destinadas especificamente a este cometido.

Será necesario superar o 4 en cada un dos apartados para dar por superada a materia.

A PROBA FINAL terá lugar na data de exame marcada polos organismos responsables da titulación. Serán anunciadas con anticipación suficiente tanto as datas de realización en clase da presentación oral e da defensa do Project como as datas límite de entrega dos estudios de caso. Os exercicios de reading, writing, listening e speaking realizados na clase non serán recuperables.

CALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO: Para a obtención da calificación de Non Presentado, o estudiantado deberá non ter acudido á proba final NIN TAMPOUCO presentado o PROJECT.

OPORTUNIDADE DE XULLO: O estudiantado suspenso só terá que recuperar aquelas probas que suspendese. Determinaranse novas datas para a entrega de traballos. O peso das probas finais de WRITING, READING, SPEAKING e LISTENING poderá subir ao total da cualificación para poder recuperar os exercicios realizados na aula.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Alcaraz Varó, Enrique (1999). Diccionario de términos económicos, financieros y comerciales. Barcelona: Ariel- Mackenzie, Ian (2002). English for business studies a course for business studies and economics students. Cambridge : Cambridge University Press- McCarthy, Michael & Felicity O'Dell (1994). English vocabulary in use upper-intermediate & advanced. Cambridge : Cambridge University Press- Prodromou, Luke (2001). Grammar and vocabulary for first certificate. Harlow : Longman- Spratt, Mary & Bob Obee (2002). First certificate direct student's book . Cambridge : Cambridge University Press <p>Os recursos presentados serán empregados ocasionalmente na aula e, en xeral, poden ser de interese para a mellora xeral do nivel de competencia na lingua por parte do estudiantado.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Posto que se solicita un nivel B1 do MCER para as linguas para o acceso ao grao, espérase do estudiantado ter ese nivel como paso previo a cursar a materia, independentemente da existencia de materiais de apoio para o estudiantado con maiores dificultades.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías